



DON JOSÉ PABLO GONZÁLEZ CACHEIRO, ALCALDE DESTE CONCELLO A TÓDOS OS VECIÑOS

INFORMA: Que a **Consellería de Política Social**, publicou o pasado 27/01/2015 a “ORDE do 31 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da **PRESTACIÓN ECONÓMICA DE PAGAMENTO ÚNICO POR FILLAS E FILLOS MENORES DE TRES ANOS PARA O ANO 2016**”

* **BENEFICIARIOS:**

- Poderán ser beneficiarias desta prestación aquelas persoas que teñan fillas ou fillos menores de tres anos o 1 de xaneiro de 2016 (nados entre o 2.1.2013 e o 1.1.2016, incluídos) e que, durante o ano 2014, nin elas nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración polo IRPF correspondente a este período, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigadas a iso.

- No caso de fillas ou fillos adoptados ou acollidos entre o 31/12/2014 e o 31/12/2015, a prestación concederáse durante os tres anos posteriores á data da resolución xudicial ou administrativa que a declare.

* **REQUISITOS:**

- Que os proxenitores teñan a súa residencia habitual na Comunidade Autónoma Galega.
- Que na data da solicitude os nenos convivan coa persoa solicitante.

* **TIPO DE AXUDA E CONTÍA:**

A prestación consistirá nun pagamento único por cada filla ou fillo menor de tres anos sen que a mesma filla ou fillo poida dar lugar a máis dunha prestación en virtude desta convocatoria. A contía será a seguinte

- Cando sexa o/a primeiro/a fillo/a: 360 euros.
- Cando sexa o/a segundo/a fillo/a: 1.200 euros.
- Cando sexa a terceira ou terceiro e sucesivos: 2.400 euros.

O PRAZO DE SOLICITUDE REMATA O 7 DE MARZO de 2016

Os interesados en solicitar ditas axudas, ou para calquer información, deberán dirixirse á **Educadora Familiar** do Concello, os **luns, mércores e venres** nas oficinas de **Oza (Tfno. 981 792000)** e os **martes e xoves** nas oficinas de **Cesuras (Tfno. 981790001)**, en ambos lugares en horario de **de 9:00 a 14:00 h.**

O que informo para xeral coñecemento.

Oza-Cesuras, 1 de febreiro de 2016

O Alcalde,

José Pablo González Cacheiro

